



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

##### Anuncio

O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria realizada o 31 de marzo de 2026, acordou dar aprobación de xeito inicial á Ordenanza reguladora do servizo público de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo. Así, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días (30), a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do presente anuncio, durante o cal poderá examinarse o expediente que constará na Secretaría Xeral desta Entidade local.

No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, unha vez transcorrido o prazo de referencia, entenderase definitivamente aprobada, procedéndose á publicación do texto íntegro en dito Boletín Oficial a efectos da súa entrada en vigor.

Lugo, 31 de marzo de 2026.- O presidente, P. D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria realizada o 31 de marzo de 2026, acordou dar aprobación de xeito inicial á Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo. Así, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días (30), a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do presente anuncio, durante o cal poderá examinarse o expediente que constará na Secretaría Xeral desta Entidade local.

No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, unha vez transcorrido o prazo de referencia, entenderase definitivamente aprobada, procedéndose á publicación do texto íntegro en dito Boletín Oficial a efectos da súa entrada en vigor.

Lugo, 31 de marzo de 2026.- O presidente, P. D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria realizada o 31 de marzo de 2026, acordou dar aprobación de xeito inicial ao Regulamento de réxime interno para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo. Así, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días (30), a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do presente anuncio, durante o cal poderá examinarse o expediente que constará na Secretaría Xeral desta Entidade local.

No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, unha vez transcorrido o prazo de referencia, entenderase definitivamente aprobada, procedéndose á publicación do texto íntegro en dito Boletín Oficial a efectos da súa entrada en vigor.

Lugo, 31 de marzo de 2026.- O presidente, P. D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 0841

### SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

##### Anuncio

**PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2026**

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria, celebrada o día 31 de marzo de 2026 a **“Proposta de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026”**; en cumprimento do previsto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, exponse a información Pública na Secretaría Xeral desta Entidade, por un prazo de 20 días, dentro dos cales, poderase examinar o expediente e presentar alegacións ou observacións que se estimen oportunas, nas condicións que se establecen no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de que non se presenten alegacións ou observacións, no indicado prazo, entenderase definitivamente aprobada.

Lugo, 1 de abril de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0842

### *Anuncio*

#### **MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CADRO DE PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2026.**

Aprobada inicialmente polo Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 31.03.2026, a modificación puntual do cadro de persoal para o ano 2026.

Exponse ao público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días hábiles, en cumprimento do disposto no artigo 112.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante os cales admitiranse reclamacións á mesma.

Transcorrido dito prazo sen que se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobada, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, 1 de abril de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0843

## **CONCELLOS**

### **BALEIRA**

#### *Anuncio*

#### **AMPLIACIÓN DE PRAZO DE INSCRIPCIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR.**

Mediante Decreto de Alcaldía de 24 de marzo do 2026 resolveuse abrir un novo prazo de cinco días hábiles, a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para a presentación de solicitudes de participación, ou actualización de méritos presentados, no proceso selectivo tramitado polo Concello de Baleira para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación de auxiliares de axuda no fogar en réxime de persoal laboral temporal.

A participación no devandito proceso selectivo rexeráse polas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira na sesión extraordinaria do 16 de maio do 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo n.º 123 do 31 de maio do 2023.

Baleira, 27 de marzo de 2026.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0811

## **BARALLA**

#### *Anuncio*

En cumprimento do acordado por este Concello, faise saber que en sesión plenaria de data do 26 de marzo de 2026 resultou aprobado inicialmente a Ordenanza reguladora de subvencións a entidades deportivas e deportistas federados do Concello de Baralla e, en consecuencia, e de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica, no apartado portal de transparencia deste Concello.

En caso de que non sexan presentadas alegacións ou reclamacións, a disposición administrativa de carácter xeral de razón será elevada a definitiva.

Baralla, 27 de marzo de 2026.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 0812

### *Anuncio*

En cumprimento do acordado por este Concello, faise saber que en sesión plenaria de data do 26 de marzo de 2026 resultou aprobada inicialmente a modificación da ordenanza reguladora das axudas para o fomento da natalidade no Concello de Baralla e, en consecuencia, e de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica, no apartado portal de transparencia deste Concello.

En caso de que non sexan presentadas alegacións ou reclamacións, a disposición administrativa de carácter xeral de razón será elevada a definitiva.

Baralla, 27 de marzo do 2026.- O alcalde, Miguel González Piñeiro

R. 0813

## BÓVEDA

### *Anuncio*

Mediante Resolución de Alcaldía do 30/03/2026, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun posto de **Auxiliar Administrativo/a**, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, o abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos ano 2025, no que se contempla o Programa de Reforzo do Emprego.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09:00 / 14:00 horas-, durante o prazo de **cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán rexistrarse no Rexistro Electrónico Xeneral do Concello de Bóveda (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello <https://concellodeboveda.sedelectronica.es> (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

Bóveda, 30 de marzo de 2026.- O alcalde, José Manuel Arias López.

R. 0822

## BURELA

### *Anuncio*

#### **EXPEDIENTE 299/2026 – CESIÓN DE USO DO LOCAL SITO NA RÚA DO RÍO NÚMERO 10 Á FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL**

Mediante Acordo do Pleno do Concello de Burela de 26 de marzo de 2026 foi aprobada inicialmente a cesión gratuíta de uso de inmovible situado na Rúa do Río, 10, Entreplanta, do Concello de Burela, con referencia catastral 2255009PJ3325N0013WU e inventariado coa ficha número 1A.1.0032 do Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Concello de Burela, á Federación Galega de Fútbol (G15055890), por un prazo máximo de dez anos.

Por medio do presente anuncio sométese o expediente a un período de información pública por un prazo de vinte días hábiles, a fin de que os interesados o examinen e presenten as alegacións que estimen pertinentes. No caso de que non fosen formuladas alegacións no antedito prazo entenderase automaticamente definitivo o acordo inicial.

Burela, 27 de marzo de 2026.- A alcaldesa, dona María del Carmen López Moreno.

R. 0814

## LUGO

### *Anuncio*

#### **Edicto de Exposición ao público**

A través do Decreto número **1229/2026** aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondientes ao **cuarto trimestre de 2025**, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: dende o día **20 de febreiro** ata o día **20 de marzo de 2026** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 18 de febreiro de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ana M<sup>a</sup> González Abelleira, en substitución da tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, Olga López Racamonde.

R. 0819

### *Anuncio*

#### **Edicto de Exposición ao público**

A través do Decreto número **972/2026** do 9 de febreiro de 2026, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **XANEIRO de 2026**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: **dende o día 16 de febreiro de 2026 ata o día 16 de marzo de 2026** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 10 de febreiro de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ana María González Abelleira, en substitución da tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, Olga López Racamonde.

R. 0815

*Anuncio***Edicto de Exposición ao público**

A través do Decreto número 1846/2026 do 4 de marzo de 2026, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **FEBREIRO de 2026**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizárase por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 16 de marzo de 2026 ata o día 16 de abril de 2026** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 4 de marzo de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ana María González Abelleira, en substitución da tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, Olga López Racamonde.

R. 0816

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS 21/2026**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 30 de marzo de 2026, o expediente núm. 21/2026 de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito por importe de 1.726.580,25€, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería de exercicios anteriores, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 31 de marzo de 2026.- O alcalde, José Tomé Roca. P.D. Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0845

**OUTEIRO DE REI***Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 25 de marzo de 2026, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 1º bimestre do exercicio 2026, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido no Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de abril ata o 15 de abril de 2026. Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa

ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Outeiro de Rei, 25 de marzo de 2026.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0817

## QUIROGA

### Anuncio

#### **DECRETO POLO QUE SE APROBA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/A S E EXCLUIDOS/AS NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A PRAZA DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS .**

Vistas as solicitudes presentadas para participar no proceso de selección para o nomeamento como funcionario/a (A2) correspondente á Oferta de Emprego Público 2025 dunha praza de Técnico/a de Xestión de Recursos Humanos no Concello de Quiroga.

Visto que se publicou o anuncio da Oferta de Emprego no BOP nº 245 do venres 24 de outubro de 2025 e no DOG nº 2016 do venres 7 de novembro de 2025.

Visto que se publicaron as Bases de selección completas no BOP nº 038 do luns 16 de febreiro de 2026.

Visto que se publicou a convocatoria no DOG nº 35 do luns 23 de febreiro de 2026 e no BOE nº 51 do xoves 26 de febreiro de 2026 .

Visto que as bases estiveron expostas durante o prazo de 20 días hábiles no taboleiro de anuncios do concello e na páxina WEB municipal e publicándose na Radio e Televisión municipais.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas en xunta de goberno xunto coa convocatoria en resolución de data 10 de febreiro de 2026, e en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

#### **RESOLVO**

- **PRIMEIRO.** Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos no proceso de selección para o nomeamento dunha praza de Técnico/a de Xestión de Recursos Humanos:

#### **RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS**

- Sandra Arza Rodríguez DNI \*\*\*694\*\*\*
- Mariano Villarroya Fernández DNI \*\*\*599\*\*\*
- Andrea Rodríguez Palo DNI \*\*\*565\*\*\*
- Marta Canellas Balaguer DNI \*\*\*941\*\*\*
- Laura Rodríguez Sanchez DNI \*\*\*348\*\*\*
- Estefania Mirón Rodríguez DNI \*\*\*734\*\*\*
- Lucia Fierro Álvarez DNI \*\*\*731\*\*\*
- Gloria González Iglesias DNI \*\*\*708\*\*\*
- Ana Isabel Arza Rodríguez DNI \*\*\*209\*\*\*
- Estefania Ramos Gómez DNI \*\*\*599\*\*\*
- Pablo Álvarez Castedo DNI \*\*\*533\*\*\*
- Karin Mago Marcano DNI \*\*\*084\*\*\*
- Sergio Irigoyen Vázquez DNI \*\*\*554\*\*\*

#### **Non hai aspirantes excluídos.**

Quiroga, 30 de marzo de 2026.- O alcalde, José Luis Rivera Castro. Ante min, o secretario accidental, Isidoro Nogueira Panero.

R. 0823

**MINISTERIO DE FACENDA****BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – BEGONTE***Anuncio*

Extracto do acordo adoptado por Resolución da alcaldía de 27 de marzo de 2026 por el que se aprueban las Bases reguladoras de la Convocatoria de subvenciones para las obras de conservación y rehabilitación o de construcción nueva de viviendas en el municipio de Begonte del año 2026.

BDNS (Identif.): 895797

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/895797>)

Primeiro. Beneficiarios:

Os beneficiarios das subvencions deberán cumprir as seguintes condicións:

- Ser maior de idade na data de presentación da solicitude.
- Destinar a vivenda obxecto de rehabilitación/conservación ou de construción a residencia habitual e permanente do solicitante e, no seu caso, da unidade familiar, durante un prazo de polo menos 5 anos desde a finalización das obras, sen que poida ser obxecto de cesión a transmisión inter vivos por ningún título durante un prazo de 10 anos desde a concesión da subvención.
- Ostentar a propiedade /copropiedade ou título habilitante da vivenda/inmable obxecto de rehabilitación e conservación ou construción.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencions previstas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencions e demais normativa de aplicación.
- Estar ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios e coa seguridade social.
- Dispoñer da licenza municipal de primeira ocupación do inmable e xustificar documentalmente o alta da vivenda no Catastro correspondente.

Segundo. Finalidade:

É obxecto desta convocatoria a regulación da concesión de subvencions establecidas polo concello de Begonte e destinadas ao fomento de construción de obra nova ou de conservación e rehabilitación de vivenda no termo municipal de Begonte, co obxectivo final da mellora da edificación e contribución á reactivación económica do municipio e fixación da poboación.

Terceiro. Bases reguladoras:

Acordo adoptado por decreto da alcaldía de 27 de marzo 2026.

Cuarto. Importe:

Toda actuación subvencionable contará cunha axuda equivalente ao dous por cento ( 2%) do imponseche do orzamento de execución material ( PEM) que conste no correspondente proxecto técnico ou memoria valorada presentado para a obtención da licenza ou título habilitante, cun máximo de tres mil (3.000,00) euros.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

Desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 31 de decembro de 2026.

Begonte, 27 de marzo de 2026.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0818